

O novo goberno do Estado, saínte do recente proceso electoral, ofrece un programa que **debe ser a base de novas políticas que garantan o progreso e a cohesión en materia educativa e que, indirectamente, sirvan de contrapeso ao contexto do noso país, onde a acción do goberno de Feijóo aínda non foi revertida**. Pero a decisión do Congreso de dar a confianza ao candidato á Presidencia, Pedro Sánchez, para formar goberno é unha boa nova para o mundo educativo que, en primeiro lugar, posibilita que o bloqueo existente ata o de agora desapareza. Se superar a inactividade que o Ministerio de Educación mantivo desde febreiro ao estar en funcións, é xa de seu positivo, o feito de que, ademais o programa presentado, froito do Acordo PSOE-Unidas Podemos, recolla importantes puntos reivindicados dende hai tempo polo STEG e a Confederación Intersindical, é tamén alentador.

En efecto, **a derogación da LOMCE, a eliminación do concerto educativo aos centros que segregan por razón de sexo (especialmente mimado no noso país por Feijóo), a limitación de prácticas abusivas aos centros subvencionados con fondos públicos, o que a nota de relixión non compute a efectos académicos, a extensión do ciclo de 0 a tres anos na rede pública, a extensión da gratuidade a libros, comedores e material escolar a familias en risco de exclusión social, a mellora do sistema de bolsas e a proposta de redución de taxas no ámbito universitario**, son todas elas medidas que van contar co apoio do STEG e a Confederación de STes-i. Hai tamén outras propostas que, na nosa opinión, deben detallarse ou mellorarse:

- a referencia á estabilidade docente debера plasmarse en medidas concretas, **do mesmo xeito que a revisión do contrato de interinidade, “evitando o seu uso abusivo”**.

-O Plan estratéxico da Formación Profesional Dual pode conlevar perigos importantes para as condicións laborais dos traballadores en prácticas e, en definitiva, o incremento dos recursos públicos destinados á educación e bolsas que o programa establece no 5% do P.I. B. no ano 2025, debe alcanzarse ao longo desta lexislatura, como moi tarde.

Se, a iso engadimos que as propostas educativas insírense dentro dun proxecto que potencia as políticas feministas, promove as accións para combater o cambio climático, fomenta a cohesión social, trata de incrementar a xustiza fiscal e expón recuperar dereitos laborais, a perspectiva política que se debuxa para esta lexislatura recentemente iniciada debe movernos a recibir polo momento e con optimismo a acción que poida desenvolver este novo goberno, en canto se conforme, sabendo que o cambio no noso país non se fará efectivo plenamente até que haxa un cambio de goberno tamén na Xunta. As dificultades serán -sen dúbida- numerosas, pero o esforzo pode merecer a pena. Agora ben, non hai tempo que perder. Son demasiados os meses que a inactividade política converteu en oportunidades desaproveitadas. Os temas pendentes de resolver son numerosos. O Ministerio de Educación, en canto se conforme, debe poñerse ao choio para enfocar procesos que requiren desenvolverse urxentemente.

**Comisión Permanente do Secretariado Nacional do STEG**

**8 de xaneiro de 2020**